



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2010 18:17
Nº Rexistro: 24338
Data envío: 18/02/2010 18:17:00.844


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á adopción de medidas para a mellora do sistema de vixilancia e combate ás operacións de narcotráfico no litoral galego.

Galiza é un dos principais puntos de entrada de substancias estupefacientes (ilegais) de Europa. Para lle facer fronte a esta ameaza, de evidente impacto do punto de vista económico e fundamentalmente social, sobre a saúde pública, cumpre adoptar todas as medidas precisas para lle facer fronte a esta lacra.

Salvamento Marítimo posúe instalacións de control do tránsito marítimo sobre o litoral galego en Monte Enxa (Porto do Son), co Centro Zonal de Coordinación de Salvamento (CZCS) de Fisterra, e outros dous centros locais de coordinación (CLCS) en Vigo e A Coruña. Coas últimas adaptacións realizadas ten mellorado notabelmente a súa cobertura radar, e mesmo con instrumentos como o UIS é quen de identificar os buques que atravesan o noso litoral. Iso si, a funcionalidade destes medios está vinculado exclusivamente ao salvamento marítimo.

Noutras zonas do Estado español (caso de Andalucía e Canarias) ven funcionando desde hai tempo, e con éxito, o denominado SIVE (Servizo Integral de Vixilancia Exterior), que se encarga de controlar todo tipo de embarcacións e non só desde unha perspectiva de salvamento marítimo, senón tamén de control de inmigración e tránsito de estupefacientes.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

É posíbel, no caso galego, incrementar a operatividade e capacidade de control do tránsito marítimo vinculándoo tamén á loita contra o narcotráfico, evidentemente sen menoscabo dos medios existentes en materia de salvamento marítimo. Moi pola contra, veríanse reforzados, coa posibilidade de incorporación a este cometido de unidades de alta velocidade actualmente dependentes do Servizo de Vixilancia Alfandegueira (SVA).


Esta son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a se dirixir ao Goberno español a fin de asinar un convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de España (de quen depende o SVA) e a Dirección Xeral da Mariña Mercante (SASEMAR) co obxecto de que o CZCS-Fisterra e os seus medios, sen menoscabo das súas funcións de control de tránsito e salvamento marítimo, poidan dedicarse tamén a labores de loita contra o narcotráfico. Estas funcións poderían ser asumidas por funcionarias e funcionarios do SVA.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado e portavoz s. do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2010 18:17
Nº Rexistro: 24338
Data envío: 18/02/2010 18:17:00.844

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 18/02/2010 18:15:14